

INDICACIÓNS PARA REALIZAR A XUSTIFICACIÓN

Para realizar a xustificación da subvención deberá ter en conta o seguinte:

- **Prazo** para presentar a xustificación: **antes do 23 de decembro 2020 (22 de decembro 2020)**.
 - Presentar o **Anexo II**, cuberto en todos os seus campos, e **asinado**.
 - O **importe xustificado** será coma mínimo o **dobre do importe concedido** na resolución. Terase en conta isto para cada liña.
 - No caso de que a **xustificación se realice en papel**, presentaranse facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e, no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presentar as facturas orixinais para que conste nelas o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello.
 - No caso de que a **xustificación se faga por medios electrónicos**, as facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.
 - As **facturas** deberán conter os seguintes datos:
 - 1.- Emisión á persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
 - 2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
 - 3.- Número de factura.
 - 4.- Lugar e data da emisión da factura.
 - 5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
 - 6.- Período que corresponda.
 - 7.- Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar; salvo naquelas facturas de importe superior a 1000 €, nas que deberá constar o xustificante do ingreso bancario.
 - No caso da **xustificación de gastos da liña 1 (Gastos de aluguer local comercial) a xustificación realizarase con:**
 - ✓ Facturas ou documentos substitutivos de facturas que correspondan a gastos realizados entre a *declaración do estado de alarma* e o *cese do mesmo*. (14-03-2020 ata 14-06-2020).
 - ✓ Xustificante de pagamento.
- Teñen que responder de xeito indubidable á natureza da liña subvencionada, realizarse no prazo, e estar efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.
- No caso da **xustificación de gastos da liña 2 (Transición hacia o comercio online ou optimización do existente) e da liña 3 (Investimento para acondicionamento de locais comerciais) a xustificación realizarase con:**
 - ✓ Memoria que describa brevemente as actuacións realizadas e a finalidade para as que se realizaron (Modelo Memoria).
 - ✓ Facturas que se correspondan a gastos realizados entre a *declaración do estado de alarma* e *ata a finalización do prazo de presentación da xustificación*.
 - ✓ Xustificante de pagamento das facturas.

Teñen que responder de xeito indubidable á natureza da liña subvencionada, realizarse no prazo,



CONCELLO DE REDONDELA

e estar efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.

MODELO MEMORIA.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:
Nome e apelidos/Razón social:
Enderezo:
DNI/NIF
Teléfono:
E-mail:
Nome comercial do establecemento:
Dirección completa do establecemento:

BREVE DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NA LIÑA 2:
(Deberá detallar brevemente as actuacións que levou a cabo)

FINALIDADE/S PARA A/AS QUE SE REALIZARON AS ACTUACIÓNS LIÑA 2:
(Deberá explicar a finalidade das actuacións que levou a cabo)

BREVE DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NA LIÑA 3:
(Deberá detallar brevemente as actuacións que levou a cabo)

FINALIDADE/S PARA A/AS QUE SE REALIZARON AS ACTUACIÓNS LIÑA 3:
(Deberá explicar a finalidade das actuacións que levou a cabo)

LUGAR, DATA, SINATURA
Asinado, en Redondela a